



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

BASES

Por Decreto da Alcaldía nº 123/2016, procedeuse á aprobación das seguintes bases:

Neste mes de Xuño procederá a asinar o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e do Mar e o Concello de Negreira para financiar unha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a creación dunha Brigada de Prevención e Defensa que deberá actuar na tempada de verán, anualidade 2016, é preciso realizar con urxencia a convocatoria para contratar a 1 Capataz, 1 Peón Conductor e 3 Peóns Forestais para formar parte da referida brigada por un período de 3 meses

En base a isto RESOLVO,

APROBAR AS BASES QUE HAN DE REXER A PROVISIÓN EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN CAPATAZ, UN PEÓN CONDUCTOR E TRES PEÓNIS FORESTAIS PARA A CREACIÓN DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, 2016

1.- Obxecto da convocatoria

Constitúe o obxecto destas Bases a aprobación da convocatoria e regulación do proceso selectivo para a provisión mediante contratación laboral, de duración determinada, por obra ou servizo, durante tres meses e a xornada completa (40 horas semanais), de 1 praza de Capataz, 1 de Peón Conductor e 3 de Peóns Forestais para a Brigada de Prevención e Defensa contra incendios forestais, anualidade 2016.

2.- Obxecto do Contrato

As funcións a desenvolver consisten nas tarefas propias dos citados postos de traballo nas brigadas de prevención e defensa contra os incendios forestais obxecto do convenio asinado coa Consellería do Medio Rural e do Mar, consistentes na realización, por parte de todos os membros da brigada, de tarefas de limpeza de masa forestal e extinción de incendios forestais.

3. Requisitos das persoas aspirantes.

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

- a) Ser español ou posuír a nacionalidade de calquera dos estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo isto nos termos do artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos os 18 anos da idade, e non superar a idade máxima de xubilación.
- c) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño funcións propias do posto de traballo, que será xustificada mediante Informe Médico.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

Titulación requirida

Estar en posesión do Certificado de Escolaridade, equivalente ou superior e ter o permiso de conducir tipo B para as prazas de Peón Conductor e Capataz de Incendios.

Titulación específica para o posto

Para a praza de **Capataz** é requisito imprescindible estar en posesión da titulación de Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente, ademais do permiso de conducir tipo B.

4. Forma e prazo de presentación de instancias

4.1 As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde do Concello de Negreira e que se presentará no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Neste último caso deberase remitir copia da solicitude ao Fax 981 885328 antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

O prazo para a presentación de solicitudes rematará o vindeiro martes 21 de xuño ás 14:00. As persoas interesadas terán á súa disposición na páxina web e no Concello o modelo de solicitude. A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

As bases das probas selectivas serán publicadas no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web do Concello de Negreira (www.concellodenegreira.es).

4.2 A solicitude deberá ir acompañada por:

- a) Fotocopia do DNI ou documento correspondente ao país da UE
- b) A experiencia laboral acreditarase mediante contratos de traballo ou equivalentes xunto co Informe de vida laboral.
- d) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións de prevención e defensa contra incendios forestais (orixinal ou copia cotexada)
- e) Fotocopia e orixinal do permiso de conducir tipo B.

5. Admisión das persoas aspirantes

1. Despois de rematar o prazo para presentar solicitudes, o alcalde ditará, a resolución que declare aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co formulado na lei.

Os/as aspirantes excluídos/as, dispoñerán dun prazo de tres días naturais, seguintes aos de publicar a antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou as emendas de defectos, nos termos do art. 71 da Lei 30/92 do 26 de novembro.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

2. Posteriormente, o alcalde declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello. Na devandita resolución sinalarase o día e a hora na que os aspirantes comparecerán para realizar a proba teórica.

3. De non existir aspirantes excluídos/as, o alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución de aprobación e indicará o lugar, a data e a hora da reunión do tribunal para realizar a valoración dos méritos, así como a composición do órgano de selección.

6.-Procedemento selectivo

O sistema de provisión será o concurso – oposición, dadas as características da praza que fan preciso contar con persoas que acrediten coñecementos sobre a materia nos seus diversos ámbitos, así como a experiencia no campo de desempeño do posto a desenvolver.

Fase de concurso: Valoración do cumprimento dos requisitos así como da puntuación obtida a través da experiencia profesional. Dita valoración será realizada polas Técnicas do Servizo Local de Emprego do Concello de Negreira Sonia Ponte Esturao e Sonia Nieto López.

Fase de oposición: Consistente na realización dun exame tipo test no que se valorará o coñecemento da zona e coñecementos propios do posto, quedando decaídos no seu dereito os solicitantes que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificadas.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade.

A cualificación definitiva do proceso selectivo será o resultado da suma das puntuacións outorgadas na fase de concurso e do exame.

Logo de establecer a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as que se basea na súa puntuación e por orde decrecente e resultarán aprobados/as os/as que, tendo en conta o número de prazas, obtivesen as notas máis altas. Ditos aspirantes terán que pasar unhas probas físicas e médicas para completar o proceso selectivo.

No suposto de que os/as seleccionados/as ou non superen as probas físicas e médicas, convocarase para as probas físicas e médicas ao seguinte da listaxe de puntuación obtida. O mesmo ocorrerá no caso de que os/as seleccionados/as renuncien ao posto obtido, neste caso a proposta de contratación efectuaráselle ao/á seguinte da listaxe de puntuación obtida.

A publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacións a que dese lugar, realizaranse mediante publicación no taboleiro de edictos e na páxina web deste Concello.

Coa finalidade de facilitar o acceso á información dos/as aspirantes, e sempre con carácter complementario, tanto as convocatorias e as bases como os sucesivos anuncios relativos ao proceso selectivo, poderán publicarse na web municipal, despois de publicarse no taboleiro de edictos do Concello. Estas publicacións na web non terán validez para os efectos de computar os prazos e a información de carácter persoal contida nestas será posible baixo a consideración de que os/as aspirantes, ao asinaren a solicitude para participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todas as cláusulas establecidas na presente convocatoria e as bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e de uso restrinxido.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

6.a) Experiencia profesional:

Por experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo semellantes, calcularase do seguinte xeito; 0,10 puntos por mes de servizo, ata un máximo de 4 puntos. Xustificarse polos seguintes medios: Informe de Vida Laboral ou Certificados de Empresa ou Contratos de Traballo. A valoración da experiencia profesional farase no momento de presentar a solicitude e coñecerase o día de publicación da Lista de Admitidos.

6.b) Proba Teórica:

O Tribunal convocará ós candidatos con máis puntuación, nun exame teórico que terá por finalidade avaliar os coñecementos do posto, os coñecementos do territorio así como a dispoñibilidade do aspirante. Puntuarase ata un máximo de 6,00 puntos. A falta de presentación do aspirante á proba teórica significará a súa exclusión inmediata do proceso selectivo.

6.c) Proba Médica

Terá un resultado de apto/non apto. Realizaranse os análises e controis establecidos. No caso de resultar non apto, suporá a exclusión inmediata do proceso.

6.d) Proba Física

Terá a cualificación de apto/non apto. Consistirá en camiñar 3.200 m sobre terreo chan cun peso de 11 Kg ás costas nun tempo máximo de 30 minutos ou na proba do banco, todavía sen concretar. Os aspirantes deberán vir provistos de zapatillas de deporte e dunha mochila cargada co peso antedito. Non está permitido correr durante a realización. Recoméndase levar roupa lixeira transpirable e permitise levar líquidos para hidratación. No caso de resultar non apto, suporá a exclusión inmediata do proceso.

7.- Resolución

Concluído o proceso selectivo, o Concello de Negreira publicará as puntuacións acadadas por cada un dos aspirantes por orde decrecente no Taboleiro de Anuncios do Concello e na paxina web <http://www.negreira.es>.

Co resto dos candidatos formarase unha bolsa de traballo para cubrir posibles renuncias ou outras vacantes, ou para atender necesidades imprevistas.

8.- Documentación

As persoas aspirantes propostas para formalizar o contrato laboral, deberán presentar nun prazo máximo de dous días naturais dende a publicación da lista de candidatos os seguintes documentos:

- a) Certificado de titularidade de conta bancaria.
- b) Copia da Tarxeta Sanitaria ou número da Seguridade Social.

No caso de que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior debidamente acreditados, non presentasen a documentación ou da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

esixidos, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

9.- Resolución de incidencias

As técnicos do Servizo Local de Emprego do Concello de Negreira Sonia Ponte Esturao e Sonia Nieto López, poderán resolver tódalas dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases e adoptar os acordos que resulten procedentes, os cales se publicarán no Taboleiro de Edictos do Concello e, no seu caso, na páxina web do Concello de Negreira.

En Negreira a 13 de Xuño de 2016.

O alcalde.

D. Jorge Jesús Tuñas Caamaño